

ESTATUTOS

DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS MORAIMA

DO CPI CELSO EMILIO FERREIRO



ESTATUTOS DA ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS MORAIMA DO C.P.I. CELSO EMILIO FERREIRO.

CAPÍTULO I

DA ASOCIACIÓN EN XERAL

Artigo 1. Coa denominación de **ASOCIACIÓN DE NAIS E PAIS MORAIMA**, constitúese esta entidade ó abeiro da Lei Orgánica 1/2002, do 22 de marzo, reguladora do Dereito de Asociación, e normas complementarias, con capacidade xurídica e plena capacidade para obrar, carecendo de ánimo de lucro.

Artigo 2. Esta Asociación constitúese por tempo indefinido.

Artigo 3. A existencia de esta asociación ten como fins:

- a) Velar polos dereitos dos alumnos/as do colexio, no que se refire a súa educación, de acordo co artigo 27 da Constitución.
- b) Defender os dereitos dos pais e nais sobre aquilo que afecte ó proceso educativo e formativo dos seus fillos e fillas.
- c) Participación na elección dos representantes dos pais/nais nos Órganos Colexiados do Centro, Concello, Provincia ou calquera outro Organismo de ámbito territorial máis amplo, promovendo candidatos, velando pola pureza do proceso electoral e colaborando na correcta realización das eleccións.
- d) Colaborar no labor educativo do colexio e de xeito especial nas actividades complementarias e extraescolares, promovendo e desenvolvendo actividades formativas, deportivas e culturais.
- e) Orientar e estimular ós/ás pais/nais respecto ás obrigacións que lles incumben en relación coa educación dos seus fillos/as.
- f) Colaborar na elaboración, desenrolo ou modificación do regulamento de Réxime Interior ou Estatuto do Colexio.
- g) Promover a participación da comunidade escolar no control e xestión do colexio de conformidade co disposto no artigo 27.7 da Constitución.
- h) Promover a colaboración con asociacións de outros centros do noso entorno, xa directamente en cuestións específicas con ANPAS de centros próximos ou ben por medio de Federacións.
- i) Defensa dun ensino de calidade, galego centrado no país, que fomente a formación responsable dos alumnos/as nos valores democráticos e na non discriminación por razóns económicas, relixiosas, ideolóxicas, raza ou sexo.



j) Requerir ós poderes públicos o cumprimento das leis, regulamentos e plans de actuación relativos á educación, reclamando a atención e axuda que esta merece.

k) Desenvolver programas de educación familiar para proporcionar ós/ás pais/nais e titores/as, coñecementos e orientacións relacionadas coa súa función educadora.

l) Contribuir e cooperar cos diversos servicios do colexio para o seu bó funcionamento.

m) Promover reunións de colaboración de pais/nais co profesorado e fomentar as boas relacións entre ambos estamentos.

Artigo 4. O domicilio social da asociación radicará no CPI CELSO EMILIO FERREIRO da cidade de VIGO, rúa O Porriño, s/nº-COIA- código postal 36209, provincia de Pontevedra. Poderanse utilizar outros locais asociativos adicionais na mesma ou noutras cidades, mediante acordo da Xunta Directiva.

Artigo 5. O ámbito territorial, no cal, a teor dos seus fins, vai realizar fundamentalmente as súas actividades é o Concello de Vigo.

CAPÍTULO II

DOS/AS ASOCIADAS/OS

Artigo 6. Poderán ser integrantes da asociación todos os pais/nais dos/as alumnos, con plena capacidade de obrar ou tralo acordo do órgano competente da persoa xurídica, que reúnan os seguintes requisitos:

a) Que teñan interese no desenvolvemento dos fins da asociación.

b) Formalización escrita da integración.

c) Satisfacer a cota de ingreso correspondente.

Artigo 7. Dentro da asociación poderán coexistir as seguintes clases de asociados/as:

a) Numerarios: as familias dos/das alumnos/as matriculados no colexio e que serán representados nas persoas de pai, nai, representante legal ou titor real do/a alumno/a, sempre que o soliciten. Ambos cónxuxes terán voz, e un voto por unidade familiar

b) Colaboradores: aquelas persoas que desexen ofertar a súa colaboración mediante a aportación do traballo persoal e axuda económica. Os/as socios/as colaboradores terán igual dereito a voz, pero sen voto.

c) Socios/as de Honra: Persoas e entidades públicas e privadas nas que concorran circunstancias ou méritos extraordinarios, así recoñecidos pola Xunta Directiva da Asociación. Ó igual que os/ as socios/as colaboradores, os Socios de Honra non terán dereito a voto.



Artigo 8. Dereitos dos/das asociados/as:

- a) Participar nas asembleas con voz e voto.
- b) Poder eleixir e ser elixido/a para os cargos directivos
- c) Tomar parte en cantas actividades organice a asociación no cumprimento dos seus fins.
- d) Gozar de todas as vantaxes e beneficios que poida proporcionar a asociación
- e) Facerlles suxestións ós membros da Xunta Directiva cara a millorar o cumprimento dos fins da asociación.
- f) Recibir información sobre os acordos adoptados polos órganos da asociación.
- g) Aqueloutros que sexan recollidos na lexislación vixente.

Artigo 9. Os/as asociados/as terán as seguintes obrigas:


- a) Asistir as asembleas xerais.
- b) Satisfacer as cotas que se establezan.
- c) Desempeñar os cargos para os que foron elixidos.
- d) Prestar cantos servizos determinen os estatutos, o regulamento de réxime interno e os acordos das asembleas xerais.
- e) Cumprir os acordos da asemblea xeral e o contido dos estatutos.
- f) Aqueloutras que se recollan na lexislación vixente.

Artigo 10. Os/as asociados/as honorarios/as e outros terán as mesmas obrigas que os/as demais asociados/as agás a posibilidade de intervir nos órganos de representación e de dirección da asociación e agás o pagamento da cota.

Así mesmo, terán idénticos dereitos coa excepción de poder eleixir ou ser elixidos para os cargos directivos e poderán asistir as asembleas xerais con voz pero sen voto.

Artigo 11. A condición de asociado/a pérdese:

- a) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.
- b) Por impago da cota.
- c) Por realización de accións que prexudiquen gravemente os intereses da asociación.
- d) Por expediente disciplinario.



Artigo 12. A expulsión de asociados/as será acordada pola Xunta Directiva, trala audiencia da persoa interesada. En todo caso o acordo de expulsión deberá ser ratificado pola Asemblea Xeral extraordinaria e contra a súa resolución poderase recorrer perante a xurisdición ordinaria.

CAPÍTULO III

DOS ÓRGANOS DA ASOCIACIÓN

Artigo 13. O goberno e representación da asociación están a cargo dos seguintes órganos:

- a) A Asemblea Xeral, máximo órgano de goberno.
- b) A Xunta Directiva, órgano colexiado no que a asemblea delega o goberno da asociación.
- c) Presidente/a, o Vicepresidente/a, o Secretario/a e o Tesoureiro/a, órganos unipersoais e con funcións de goberno e representación determinadas polos presentes estatutos.

A ASEMBLEA XERAL

Artigo 14. A Asemblea xeral de asociados/as é o órgano de expresión da vontade da asociación e estará formada por todos os seus integrantes. O/A Presidente/a e o/a Secretario/a serán os mesmos que os da Xunta Directiva.

Artigo 15. A Asemblea Xeral reunirse con carácter ordinario unha vez ó ano, e con carácter extraordinario cantas veces o acorde a Xunta Directiva, ou o soliciten o 10% dos seus asociados/as. Neste último caso realizarase por medio de escrito dirixido á Presidencia, autorizado coas sinaturas dos e das solicitantes, no que se expoña o motivo da convocatoria e a orde do día.

Artigo 16. A Asemblea Xeral reunirse necesariamente ó inicio de curso é ó fin do mesmo. Tanto a asemblea ordinaria como a extraordinaria serán convocadas con 15 días de antelación pola presidencia da asociación, e deberá ser notificada por escrito ós/ás asociados/as. Na convocatoria han de aparecer o lugar, data e hora da asemblea, así como a orde do día con expresión concreta dos temas para tratar e os anexos que procedan. Tamén haberá de sinalarse a hora da segunda convocatoria, sen que entre a primeira e a segunda convocatoria poda mediar un prazo inferior a media hora.

Artigo 17. Para que as asembleas poidan tomar acordos, estarán integradas polos/as asociados/as asistentes, sempre que concorran a metade mais un do total de asociados/as na primeira convocatoria ou con calquera número de asociados/as asistentes na segunda convocatoria.

Artigo 18. Os acordos tomaranse por maioría simple das persoas presentes ou representadas cando os votos afirmativos superen ós negativos, non serán computables os votos en branco nin as abstencións.

Será precisa a maioría cualificada das persoas presentes ou representadas, que resultará cando os votos afirmativos superen a metade destas, para:



[Handwritten signatures and stamps]



- a) Ratificar a expulsión das/dos asociados por proposta da Xunta Directiva.
- b) Aprobar a federación con outras asociacións.
- c) Solicitar a declaración de utilidade pública.

Artigo 19. Son competencias da Asemblea Xeral Ordinaria:

- a) Aprobar o plan de actividades proposto pola Xunta Directiva.
- b) Examinar e aprobar a memoria de actividades.
- c) Examinar e aprobar as contas e balances do exercicio anterior.
- d) Aprobar o orzamento proposto pola Xunta Directiva.
- e) Aprobar o regulamento de reximen interno da asociación.
- f) Fixar as cotas ordinarias e extraordinarias.
- g) As demais que resulten dos estatutos e que non estean expresamente conferidas á Asemblea Xeral ou á Xunta Directiva.

Artigo 20. Son competencias da Asemblea Xeral Extraordinaria:

- a) Modificar os estatutos da asociación.
- b) Disolver a asociación e nomear os liquidadores.
- c) Aprobar a federación con outras asociacións.
- d) Ratificar a expulsión de asociados/as a proposta da Xunta Directiva.
- e) Solicitar a declaración de utilidade pública.
- f) Autorizar o alleamento, gravame ou hipoteca dos bens sociais.
- g) Elixir ós integrantes da Xunta Directiva.

Artigo 21. Os acordos adoptados conforme cos preceptos anteriores obrigarán a todos/as os/as asociados/as, mesmo ós non asistentes.

As sesións comencarán coa lectura por parte do secretario/a da acta da asemblea anterior que deberá ser aprobada. A continuación comunicará a orde do día. Cada punto será informado polo membro da Xunta Directiva que corresponda, procedéndose á súa aprobación nos termos contidos nestes estatutos, segundo a materia que se trate.

Unha vez rematados tódolos asuntos da orde do día abrírase, se así o considera oportuno o/a



presidente/a ou o solicitan un 10% dos asociados inscritos no libro de membros, a quenda de preguntas e suxestións. Concluídos este punto, o/a presidente/a dará por rematada a sesión.

Artigo 22. Poderase recorrer contra os acordos que vaian contras destes estatutos ou infrinxan os fins da asociación en reposición perante a Asemblea Xeral. A partir da resolución deste recurso quedará expedita a vía para recorrer perante a xurisdición ordinaria.

A XUNTA DIRECTIVA

Artigo 23. A asociación será xestionada e representada por unha **Xunta Directiva composta por : Presidente/a Vicepresidente/a, Secretario/a, Tesoureiro/a e, de se-lo caso, Vocais.** Tódalas persoas que compoñen a Xunta Directiva deberán ser asociados/as, maiores de idade, estar en pleno uso dos dereitos civís e non estar incurso nos motivos de incompatibilidade establecidos na lexislación vixente.

Todos os cargos que compoñen a Xunta Directiva serán gratuitos, sen perxuízos do dereito a ser reembolsados dos gastos debidamente xustificadas.

Os cargos deberán ser designados e revocados pola Asemblea Xeral extraordinaria e o seu mandato terá unha duración de 1 ano e poderán ser reeleixidos.

Artigo 24. Os cargos da Xunta Directiva cesaran na súa función polas seguintes causas:

a) Por renuncia voluntaria comunicada por escrito á Xunta Directiva.

b) Por expiración do mandato.

c) Por incumprimento das obrigas que tiña encomendadas.

Nos casos a) e b) continuarán nos seus cargos ata que se produza a aceptación de quen os substitúa.

Artigo 25. A Xunta Directiva reunirse con carácter ordinario unha vez ó mes e con carácter extraordinario cantas veces o determine a Presidencia ou por petición de calquera dos seus membros.

As convocatorias realizaranse como mínimo con tres días de antelación mediante citación persoal na que se recollerá a orde do día.

Realizada a convocatoria, a Xunta quedará constituída pola asistencia da metade máis un dos seus membros e para que os seus acordos sexan válidos deberán ser tomados por maioría de votos. No caso de empate, o voto do/a Presidenta/e será de calidade.

Artigo 26. As facultades da Xunta Directiva extenderanse, con carácter xeral, a tódolos actos propios das finalidades da asociación, sempre que non requiran segundo estes Estatutos, autorización expresa da Asemblea Xeral. En particular son facultades da Xunta Directiva as seguintes:

a) Dirixir as actividades sociais e levar a xestión económica e administrativa da asociación acordando realizar os oportunos contratos e actos.



- b) Executar os acordos da Asemblea Xeral.
- c) Convocar as Asembleas Xerais.
- d) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o programa de actuación, así como a memoria de xestión correspondente.
- e) Formular e someter a aprobación da Asemblea Xeral o orzamento do exercicio, así como os balances e as contas do exercicio pechado.
- f) Resolver sobre a admisión de novos asociados/as.
- g) Crear comisións de traballo co fin de delegar nelas a preparación de determinados actos e actividades ou recadar delas informacións necesarias. Ó cargo destas comisións designarase un membro da Xunta Directiva.
- h) Nomear delegados para determinadas actividades da asociación.
- i) Interpretar os estatutos e o regulamento de réxime interno e velar polo seu cumprimento.
- j) Calquer outra facultade que non sexa de exclusiva competencia da Asemblea Xeral.

Artigo 27. A presidencia da Xunta Directiva terá as seguintes atribucións:

- a) Presidir e dar por rematadas as sesións que celebre a Xunta Directiva e a Asemblea Xeral, dirixir as deliberacións dunha e doutra, e decidir con voto de calidade en caso de empate.
- b) Representar a asociación perante calquer organismo público ou privado.
- c) Ordenar pagamentos e autorizar coa súa sinatura os documentos, actas, certificacións e correspondencia.
- d) Adoptar calquer medida urxente que a boa marcha da asociación aconselle ou no desenvolvemento das súas actividades resulte necesaria ou conveniente, sen perxuízo de dar conta posteriormente á Xunta Directiva.

Artigo 28. O/a Presidente/a será asistido nas súas funcións por un/unha Vicepresidente/a, que ademáis, substituirá/a nos casos de vacante, ausencia ou enfermidade.

Artigo 29. O/a Secretario/a recibirá e tramitará as solicitudes de ingreso, levará o ficheiro e o libro rexistro de asociados/as e terá ó seu cargo a dirección dos traballos administrativos da entidade. Correspóndelle, así mesmo, notificar as convocatorias, custodiar as actas e expedir certificacións destas co visto e praxe do presidenta/e. Deberá tamén presentar as contas anuais e cumprir as obrigas documentais nos termos que legalmente se establezan.

Artigo 30. O/a Tesoureiro/a exerce a dirección dos traballos de xestión económica da asociación, a custodia e levanza dos libros de contabilidade e os inventarios, así como todos os documentos económicos necesarios para a elaboración das contas e balances. Deberá preparar os orzamentos, as contas anuais e os balances perante a Xunta Directiva e a



Asemblea Xeral así como dar cumprimento ás ordes de pagamento que expida a/o presidenta/e.

Artigo 31. Os/as Vocais no número que determine a Asemblea Xeral terán as seguintes atribucións:

- a) Realizar programas e propostas na súa área de actuación.
- b) Desempeñar os traballos que lle sexan encomendados pola Xunta Directiva.

CAPITULO IV

RÉXIMEN ECONÓMICO

Artigo 32. A asociación como entidade sen ánimo de lucro, en ningún caso poderá distribuir os recursos obtidos entre os/as asociadas/os, se non que deberán destinarse, exclusivamente, ó cumprimento dos seus fins.

Artigo 33. O patrimonio anual da asociación son as **cotas dos seus socios**.

Artigo 34. O exercicio asociativo e económico será o ano escolar (setembro a xuño). Así o seu orzamento será de curso lectivo e deberá ser aprobado pola Asemblea Xeral Ordinaria do exercicio económico que corresponda e a liquidación do orzamento terase que presentar necesariamente, na Asemblea Xeral Ordinaria inmediatamente posterior ó remate do exercicio.

Artigo 35. Anualmente e con referencia ó derradeiro día do exercicio económico de cada ano, practicarase o inventario e o balance de situación, que se formalizará nuha memoria que será posta a disposición dos/as asociados/as durante un prazo non inferior a 15 días do día sinalado para a Asemblea Xeral Ordinaria, que deberá aprobalo ou censuralo.

Artigo 36. Os recursos económicos dos que dispón a asociación para o cumprimento do seus fins son:

- a) As cotas dos asociados/as.
- b) As cotas extraordinarias que propoña a Xunta Directiva e que sexan aprobadas pola Asemblea Xeral.
- c) As doazóns ou subvencións, que poidan conceder os organismos públicos, entidades privadas ou particulares.
- d) Calquer outro ingreso admitido pola normativa vixente para actividades non lucrativas.

Artigo 37. Para a disposición de fondos das entidades bancarias onde a asociación os ten depositados, deberá a entidade bancaria ter recoñecidas as sinaturas que corresponden a/o Presidenta/e e o/a Vicepresidente/a ou Tesoureiro/a, para o seu emprego conxunto mediante sinatura mancomunada de dous membros como mínimo.



CAPITULO V

MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS E DISOLUCIÓN DA ASOCIACIÓN

Artigo 38. Os presentes estatutos poderán ser modificados por proposta da Xunta Directiva ou un cuarto dos /as asociados/as.

A convocatoria da Asemblea Xeral Extraordinaria estará acompañada do texto coas modificacións propostas, abríndose un prazo de 10 días para que calquera asociado/a poida dirixirle á Secretaría as propostas ou enmendadas que considere oportunas. Estas complementarían a documentación da citada Asemblea e serán entregadas cunha antelación mínima de 3 días a súa realización.

Artigo 39. Para ser aprobada a reforma dos estatutos será necesario o voto favorable de 2/3 dos asociados/as reunidos/as en Asemblea Xeral Extraordinaria.

Artigo 40. A asociación disolverase polas seguintes causas:


- a) Pola vontade das 2/3 partes dos/as asociados.
- b) Por outras causas determinadas legalmente.
- c) Por sentenza xudicial.


Artigo 41. Acordada a disolución, a Asemblea Xeral Extraordinaria designará tres asociados/as liquidadores, que xunto o/a Presidente/a e o tesoureiro/a, procederán a efectuar a liquidación dos bens, pagando débedas, cobrando créditos e fixando o haber líquido resultante. O haber resultante, unha vez efectuada a liquidación, doaráselle a outra entidade de carácter non lucrativo, inscrita no Rexistro de Asociacións da Comunidade Autónoma de Galicia, e que teña os mesmos ou similares fins.

O xustificante da doazón será presentado no rexistro de Asociacións correspondente para proceder á inscrición da disolución da asociación.

DISPOSICIÓN ADICIONAL

En todo canto non estea previsto nos presentes estatutos aplicarase a vixente lei 1/2002, do 22 de marzo, Reguladora do Dereito de Asociación, e as disposicións complementarias.





XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE XUSTIZA
INTERIOR E ADMINISTRACIÓN LOCAL
MODIFICACIÓN DE ESTATUTOS
Inscrita a modificación por resolución do 30-12-2004
ós sos efectos de publicidade de conformidade co
artigo 22 da constitución e artigo 16 da L.O. 1/2002.
PONTEVEDRA, 30 de DIC 2004
O DELEGADO PROVINCIAL

